

# EMILIA PARDO BAZÁN



**Unidade didáctica**

**3º e 4º ESO**

**Profesorado**

**Patricia Angulo Miró**

Casa-Museo



**EMILIA  
PARDO  
BAZÁN**

Esta unidade didáctica foi elaborada dentro do programa *Sinalarium* financiado integramente pola Deputación da Coruña.

Edita:  
Real Academia Galega

© Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, 2021

© Patricia Angulo Miró, 2021

Casa-Museo Emilia Pardo Bazán  
Rúa Tabernas 11  
15001 - A Coruña  
Tlf. 981 20 73 08  
[casamuseoepb@academia.gal](mailto:casamuseoepb@academia.gal)



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

Casa-Museo



EMILIA  
PARDO  
BAZÁN



Deputación  
DA CORUÑA

*Sinalarium* é un proxecto financiado pola Deputación da Coruña no que traballa a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán para desenvolver actividades e recursos que potencien o coñecemento da vida e obra da escritora coruñesa. A través do programa *Sinalarium* propoñémonos dar sinais para visibilizar a súa figura, achegala ás xeracións máis novas e poñer en valor as mulleres como pezas fundamentais na configuración da sociedade galega, de xeito que se recoñeza o seu papel social, artístico e cultural.

A programación que aquí presentamos xira ao redor da presenza de Emilia Pardo Bazán no seu contexto histórico: unha muller cuxa maneira de vivir e de pensar está mais preto do noso século que do século XIX en que ela naceu.

Coñecer a Emilia Pardo Bazán é indagar nunha das personalidades máis modernas e ao mesmo tempo máis contraditorias da súa época, viaxando polos tortuosos camiños que tiveron que percorrer as mulleres do século XIX e principios do XX. Pero ademais, ela demostrou que o seu traballo a prol do coñecemento serviría para non esconder a súa voz. Intelixente, afeccionada aos faladoiros e debates, traballadora e ambiciosa, creou un personaxe que non se permitía quedar en ningún plano inferior.

Coa finalidade de divulgar a súa vida, descubri-la e chegar a valorala, esta unidade didáctica está dirixida a profesores e alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria e ofrece algúns recursos que axudan a traballar esta figura nas aulas. Son actividades pensadas para realizar no interior da escola e poden ser o paso previo á visita da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Achegan unha visión íntima da escritora, porque sen coñecer a persoa resulta máis difícil comprender a súa obra, e tamén inclúen textos para iniciarse na literatura desta muller, que ante todo e en primeiro lugar foi escritora.

Para o nivel de 3º e 4º de ESO, a programación contén actividades que poden contribuír ao desenvolvemento de diversas competencias básicas, presentadas como un reto. Así mesmo, sería válida para empregar no desenvolvemento de proxectos interdisciplinarios nos que colaboren o departamento de historia e/ou literatura, e incluso transversais, para actividades da biblioteca e dos clubs de lectura escolares etc.

## **BLOQUES DE ACTIVIDADES**

Cada bloque contén unha serie de actividades para traballar na aula.

Bloque 1. Contexto histórico

Bloque 2. Emilia Pardo Bazán. A escritora

Bloque 3. O Naturalismo. Un método científico de escritura

Bloque 4. Marineda. Unha cidade literaria

Bloque 5. Ser muller



Bloque **1**

# O contexto histórico





Emilia Pardo Bazán naceu mentres a raíña Isabel II ocupaba o trono; tres meses despois de casar estourou a “Revolución da Gloriosa”, en setembro de 1868. Seu pai participa na redacción da Constitución de 1869 como Deputado en Cortes, motivo polo que a familia se traslada a Madrid. Na I República (1873) viaxou por Europa (Francia, Italia, Suíza e Austria), tendo a oportunidade de coñecer idiomas e realidades diferentes. Sepárase do seu home un ano antes do pasamento de Alfonso XII. Durante a Rexencia (desde 1885 ata 1902) pasa a metade do ano en Madrid e no desastre do 98 xa está considerada a mellor escritora de España. A chegada ao trono de Alfonso XIII, a I Guerra Mundial ou a epidemia da gripe, mal chamada “española”, provocaron cambios non só na sociedade senón no transcurso da vida da escritora: crónicas agudas, conferencias, presidencias e novelas de estilos literarios diferentes ao naturalismo....

Cando España entra no século XIX a poboación, a riqueza e o traballo concentrábanse no sector primario ou agrario. O 70 % da poboación aínda vivía no campo, xa que o desenvolvemento industrial non tomará impulso ata ben entrado o século..

Tampouco existía apenas a clase media. O XIX é un século de miseria na ampla clase baixa, de explotación no traballo (practicamente non existen dereitos laborais ou sindicatos), sen case educación, de reclusión das mulleres no ámbito doméstico por ser “anxos do fogar” e de privilexios na escasa clase alta ou aristocracia. Emilia soubo aproveitar fendas para provocar cambios, apoiándose na elite á que pertencía e na súa rede de amizades importantes. Sen deixar de ser condesa, a súa mentalidade moderna e transgresora empurroua a derrubar as barreiras en prol da igualdade. Podendo dedicarse a destacar socialmente, quixo destacar intelectualmente.

Tras a revolución de 1868 tentouse a creación dun réxime liberal máis democrático, pero a inestabilidade provocou que en pouco tempo o Goberno Provisional (1868-1869) se transformase na Rexencia do xeneral Serrano (1868-1869), na monarquía de Amadeo de Savoia (1871-73) e na República Federal (1873-1874). O fracaso foi consecuencia dos movementos internos dos grupos políticos liberais e carlistas. En 1874 os Borbóns regresan ao país cun novo rei: Alfonso XII, é a chamada Restauración. O obxectivo principal do seu ideólogo, Cánovas del Castillo, era garantir a estabilidade política e a paz interior, aínda que se basease nun caciquismo que dominará o país nesa época.

Todo isto trouxo unha importante mellora da economía aínda que, mentres noutros países europeos a industrialización comezara a finais do século XVIII, España tivo que esperar ata finais do século XIX para iniciar a transformación, colocándose Cataluña, coa industria téxtil, e Asturias e o País Vasco, coa siderurxia, á cabeza do país.

O sistema da Restauración baseábase nun bipartidismo alternante, alimentado por aquel fraude electoral caciquil que deixaba fóra calquera outra opción política. A perda en 1898 das últimas colonias, Cuba, Porto Rico e Filipinas, rematou co esplendor imperial e desatou unha crise ideolóxica que tamén afectou á literatura.

En 1902 Alfonso XIII comezou o seu reinado tras a rexencia da súa nai María Cristina. O bipartidismo entre o Partido Conservador (dirixido por Eduardo Dato e Antonio Maura) e o Partido Liberal (José Canalejas e o Conde de Romanones) non permite demasiadas reformas e ademais o país embárcase na guerra con Marrocos, que resta homes e bonanza.

Malia todo, en 1910 cámbiase unha lei e dona Emilia convértese na primeira muller Consejero del Ministro de Instrucción Pública.

As crises económicas e o desencanto da guerra favorecen os levantamentos populares. A neutralidade de España na primeira Guerra Mundial non evita que a finais dos anos 10 o país se mergulle noutra crise.

En 1921 Emilia Pardo Bazán morre en Madrid.

Pero a historia continúa.





# PARALELISMOS

---

Ao fío deste contexto procurade elaborar unha liña do tempo establecendo os acontecementos sociais e políticos máis importantes que sucederon, acompañados dos acontecementos da vida da escritora, para pescudar ata que punto o contexto histórico determinou a produción literaria e os seus pensamentos.

Para axudar na pescuda:

En 1868 tres acontecimientos ocurrieron en mi vida: me vestí de largo, me casé y estalló la revolución.

1. A que revolución se refire a escritora nesta frase? A que monarca destronou? A que dinastía pertencía? Como se chama a etapa histórica que transcorre entre 1868 e 1874?
2. Este momento histórico é moi importante para a familia Pardo Bazán. En 1869 o pai é elixido Deputado ás Cortes en Madrid e marcha ca familia á capital. Existía unha Constitución pero tamén unha monarquía sen rei. Que sucede tras a marcha de Isabel II?
3. Describe as características esenciais da constitución democrática do 1869 que José Pardo Bazán contribúe a redactar. Aparecen privilexios para as clases traballadoras? Quen pode votar?
4. Que ocorreu tras a proclamación da Primeira República? Igual que a familia Pardo Bazán marcha do país, que grupos sociais puideron marchar? Cales serían os motivos??
5. Que supuxo a perda das colonias para España? Como se chama o grupo de pensadores que se laian por esta perda?
6. Cal foi o motivo da neutralidade do país en torno a I Guerra Mundial? Como se viviu por parte da cidadanía?
7. Que sucede no campo profesional para as mulleres en 1910?



1.....  
.....  
.....  
.....

2.....  
.....  
.....  
.....

3.....  
.....  
.....  
.....

4.....  
.....  
.....  
.....

5.....  
.....  
.....  
.....

6.....  
.....  
.....  
.....

7.....  
.....  
.....  
.....



Bloque 2

**Emilia Pardo Bazán.**

**A escritora**





Coñecer a vida dun personaxe é un dos principios básicos para comprender a súa dimensión. Este é o motivo polo que tentamos aquí unha primeira aproximación. Poderá completarse ao longo da programación desenvolvendo outros aspectos e resolvendo actividades que permitan coñecer singularidades da escritora.

Curiosa e culta, traballadora e enérxica, afeccionada á discusión de ideas e sen fuxir de polémicas, o seu perfil intelectual é un dos máis atractivos do século XIX. Defendeu e difundiu a súa obra (estilos, xéneros, temas) coa intensidade e a convicción que dedicaba ao que emprendía. Emilia declarou que no terreo literario “no hay hombres ni mujeres: hay humanidad tan solo”; unha actitude que aplicou, na medida do posible, á súa vida.

Naceu o 16 de setembro de 1851 na Coruña, na actual rúa Rego de Auga. Pronto a familia trasládase definitivamente á rúa Tabernas onde hoxe está a súa Casa-Museo. Filla única do matrimonio formado por José Pardo Bazán e Amalia de la Rúa Figueroa, ambos os dous pertencentes á fidalguía galega, tivo unha infancia feliz na que recibiu unha esmerada educación que desenvolveu por iniciativa propia e co seu propio esforzo.

A súa familia entronca fidalguía e casas brasonadas polas dúas liñas, e as súas ideas progresistas non exclúen a Emilia dunha estimulante educación e de ideas igualitarias. O convencemento sobre a igualdade entre homes e mulleres que posúe desde a infancia transmitíronllo o pai e a nai, cuestionando os prexuízos daquela época respecto ao papel que a muller representaba na sociedade.

Mira hija, los hombres somos muy egoístas, y si te dicen alguna vez que hay cosas que pueden hacer los hombres y las mujeres no, di que es mentira; porque no puede haber dos morales para dos sexos.

En 1871, o Papa Pío IX concédelle o título pontificio de conde de Pardo Bazán agradecendo así o apoio ao catolicismo da coroa española do deputado José Pardo Bazán na redacción da Constitución de 1869. Dous anos máis tarde, Amadeo de Saboia autoriza a usar o título en España.

Nesta época sen fillos (1868-1876) Emilia asimila, de xeito autodidacta, filosofía, historia e as linguas de Dante, Heine e Shakespeare.

En 1877, con Jaime acabado de nacer, concursa e recibe un premio no Certame Literario de Ourense polo *Estudio crítico de las obras del Padre Feijóo*.

A partir de 1879 escríbese coa elite intelectual máis avanzada, como Giner de los Ríos, director da Institución Libre de Enseñanza, ou con Menéndez Pelayo. Tamén comeza a ler novelas contemporáneas españolas e dirixe a *Revista de Galicia*.

En 1880 descobre ao escritor Émile Zola. Seducida polo naturalismo escribe *La cuestión palpitante* (1882), crítica literaria que produce estrañeza pola firma dunha muller (culto e segura, que debería dedicarse a outros xéneros) e provoca unha polémica desproporcionada. En 1883 publica *La Tribuna*, novela sobre as cigarreiras da Fábrica de Tabacos de Marinada que supón a súa adaptación a este estilo. A súa modernidade e forza e o novo da súa temática provocarán o rexeitamento social e o seu esposo tenta reprimir a personalidade creadora enfrontándose á súa vocación. O matrimonio sepárase.

Emilia marcha a Madrid e participa activamente na vida cultural da capital. Por exemplo, activa a súa enorme presenza nos periódicos da época (acaba por escribir case dous mil artigos) xa que a súa sinatura convértese en garante de éxito. Pronto publica *Los pazos de Ulloa* (1886), a súa novela máis importante, a primeira gran novela sobre Galicia, mestura de naturalismo francés e espiritualismo ruso. Un ano despois publica a súa continuación, *La madre naturaleza*.

En 1887 dá tres conferencias no Ateneo de Madrid sobre “La revolución y la novela en Rusia” amosando a percepción exacta dun estilo máis creativo, simbólico e idealista preto da espiritualidade rusa: o espiritualismo.

En 1889 publica *Insolación e Morriña*, dúas novelas que escandalizan pola súa explícita referencia e descrición do desexo erótico da muller e pola autonomía das decisións das súas protagonistas.

En 1891 acontece outra nova polémica, esta vez relacionada co seu intento de acceder á Real Academia Española, co mesmo resultado que o acadado por Gertrudis Gómez Avellaneda: as mulleres están vedadas na institución. Pouco antes, a escritora publicara unha serie de imponentes artigos sobre *La mujer española*: sen dúbida, a análise máis lúcida e penetrante dos que se escribiron sobre feminismo naqueles anos. Tamén editará unha revista escrita enteiramente por ela mesma sobre a vida política, social e intelectual da súa época, mensualmente, en 30 números: *Nuevo Teatro Crítico*.

Muller libre e batalladora, atópase nos periódicos, nas veladas da alta sociedade, nas librerías, nas sociedades, nos concertos, nas conferencias... En 1892 participa no Congreso Pedagóxico celebrado en Madrid no que se discutía sobre o dereito da muller a recibir formación académica... e a impartila. Neste contexto, Emilia le a súa memoria “La educación del hombre y de la mujer. Sus relaciones y diferencias” na que defende abertamente o dereito a recibir unha educación íntegra e a exercer unha profesión en igualdade de condicións entre o home e a muller. Pura revolución para a época!

La instrucción y cultura racional que la mujer adquiera, adquiéralas en primer término para sí, no para subordinarlas al ajeno, sino para desarrollo de su razón y natural ejercicio de su entendimiento, como cualquier ser racional necesita ejercitar sus propias facultades intelectivas.


As súas inqedanzas medran non só a nivel literario. En 1905 convértese na primeira muller socia do Ateneo de Madrid e ao ano seguinte xa é presidenta da sección de Literatura, impartindo os cursos de Literatura Contemporánea.

Nos últimos vinte anos da súa vida escribe tres novelas que completan a súa evolución literaria, xa que se encadran dentro da estética modernista: *La quimera*, *La sirena negra* e *Dulce dueño*. A primeira sucede nunhas Torres de Meirás que aínda se estaban a construír. Un dos escenarios da *Sirena negra* (a

morte) é Portodor, trasunto de Sanxenxo. Na terceira, Lina Mascareñas desafia á sociedade patriarcal... en 1911 liberando á muller de poses e ficcións. Polo medio era recoñecida pola sociedade contemporánea; en 1912 é socia numeraria da Sociedad Matritense de Amigos del País; en 1902 xa fora nomeada presidenta honoraria do Centro Gallego de Madrid e en 1906 presidenta de honra da Real Academia Galega; en 1916 catedrática de Literatura y Lenguas Neolatinas na Universidad Central de Madrid. Ese mesmo ano, a súa cidade natal inaugura un monumento á súa persoa, nunha subscrición popular organizada por institucións galegas. Emilia di seu discurso:

A la vez [...] que me confundía en la persuasión de recibir mucho más de lo merecido, la levadura humana bullía en mí, y daba en creer que si no justicia seca, era compensación y consuelo. Acudían a mi memoria las heridas, los magullamientos, las espigas de mi carrera artística, y lo caro que se me cobró, frecuentemente, el haber escuchado a mi vocación y seguido su llamamiento. Acudían las injustas exclusiones, las cerradas puertas que ha tiempo debieron franquearse, los que me lanzaron piedras buscando que diesen donde más dolía, los que por la tela de mis faldas juzgaron mi obra, y fueron, en parte, los artífices que, en unión con el escultor famoso, labraron esa mujer de piedra... *La Voz de Galicia*, 10 de novembro de 1916.

A súa vida remata o 12 de maio de 1921 na súa casa de Madrid.



NAUFRAGOS

Un naufragio que se produjo en las costas de Galicia...

El día de ayer, a las once y media de la mañana, se produjo un naufragio en las costas de Galicia...

El día de ayer, a las once y media de la mañana, se produjo un naufragio en las costas de Galicia...

# 1. DEFINE A ESCRITORA

---

A biografía da escritora responde a múltiples facetas. As súas biógrafas non dubidan en enchela de adxectivos que caracterizan a súa maneira de vivir e de escribir. Foi erudita e intransixente, non tiña problemas en corrixir os colegas nin en expoñer fronte a outros. Non manifestaba sensibilidade romántica, senón que visibilizaba, sen lairse. Así, tivo unha vida marcada pola polémica, sempre co foco de atención sobre ela. Consagrada a súa vida ao periodismo e á literatura, sacaba tempo para novos proxectos: traducións, críticas literarias, conferencias, ensaios...

Estas son algúns dos epítetos que a identifican. O voso traballo será atopar a palabra que corresponda a cada unha das definicións.

1. Que representa unha innovación con respecto ao seu tempo, ou que contribúe con ideas novas que serán perfeccionadas ou imitadas máis tarde.  
.....
2. As súas ideas pertencen ao momento actual, no que vivimos agora.  
.....
3. Que se instruíu ou educou a si mesma sen axuda de ningún mestre.  
.....
4. Relativo ou pertencente aos estudos con recoñecemento oficial. Membro dunha academia.  
.....
5. Que ten ou mostra desexo de saber.  
.....
6. Cada unha das persoas que forman parte dunha sociedade ou asociación de tipo comercial, deportivo etc.  
.....
7. Que posúe unha sólida formación intelectual, que ten moitos coñecementos aprendidos pola lectura ou a instrución.  
.....
8. Profesor ou profesora titular dunha cátedra.  
.....
9. Persoa que realiza un traballo para vivir, que desempeña unha profesión ou oficio a cambio dun salario.  
.....



10. Persoa que polemiza ou é dada a facelo.



11. Que é libre, que non está suxeita a vínculos de ningún tipo, que non depende dunha persoa ou cousa.



12. Persoa que escribe obras científicas ou, sobre todo, literarias.



#### SOLUCIÓN

- |               |                |                 |               |                  |               |
|---------------|----------------|-----------------|---------------|------------------|---------------|
| 1. Precursora | 2. Moderna     | 3. Autodidacta  | 4. Académica  | 5. Curiosa       | 6. Socia      |
| 7. Culta      | 8. Catedrática | 9. Traballadora | 10. Polemista | 11. Independente | 12. Escritora |

### PARA SABER MÁIS

---

- » Tratade de indagar nalgún aspecto que vos chamou a atención da escritora.
- » Cosmopolita, pioneira da unión dos países deixou escrito:

Europeicémonos! A pesar de los cambios [...] hemos tenido el arranque de dejar nuestras frescas rías gallegas y asomarnos a ver qué pasa en el mundo, aunque sea por un agujero. *Por la Europa católica* (1901).

Que pensades que tratou de dicir con esta frase? Credes que era habitual ese pensamento?

## 2. CARICATURAS. UNHA VISIÓN DISTINTA

A partir de finais do século XIX as caricaturas impóñense en periódicos e revistas. Non só retratan un personaxe coñecido, ás veces fano coa realidade. Iso si, sempre con intención crítica. As caricaturas reúnen en si mesmas varios atributos, son unha representación artística, un recurso periodístico e un vehículo de humor. Os obxectivos destas ilustracións son variados; desde provocar un sorriso doado ou a reflexión sobre o tema ilustrado, ata render homenaxe e recoñecemento ou simplemente ridiculizar.



No ano 1907 Emilia Pardo Bazán escribe na revista bonaerense *Caras y caretas* un artigo onde expresa a súa opinión. Leva por título “Mis retratos y mis caricaturas”:

Yo no sé si por la frecuencia con que he sufrido caricaturas y retratos, soy casi indiferente a esta proyección de mi personalidad en las artes gráficas y pictóricas. Ni mis retratos ni mis caricaturas forman parte de mi “yo”. Son algo que cae por fuera [...] La ironía delicada de una buena caricatura pocas veces se ha ejercitado conmigo. El caso era afearme horriblemente, convertirme en una especie de foca o de hipopótamo, o en una patrona de casa de huéspedes [...] lo repito, la caricatura es la exageración de nuestros rasgos típicos, y no la invención de otros rasgos que nunca se vieron en nosotros. El caricaturista quería sin duda expresar, con lo del puro y las botazas, que era varonil mi literatura: pero entonces debió calzarles botas a mis libros, no a mis pies.

As palabras da escritora deixan claro o pouco gusto dalgunhas das súas caricaturas, mais hoxe en día podemos consideralas fonte de coñecemento; amosan a intencionalidade na información que a prensa quería mostrar sobre a escritora.



As caricaturas teñen un gran poder de síntese. Nestas páxinas amosámosvos algunhas das máis coñecidas sobre a escritora. Tentade descubrir que pretendían os caricaturistas reflectir nelas, que calidades lle atribúen? Cales poden ser os motivos polos que a debuxan dese xeito?

Intentade a través das vosas palabras poñer un título periodístico que acompañe ás ilustracións.

1. ....
2. ....
3. ....
4. ....
5. ....

## PARA SABER MAIS

---

As caricaturas amosaban as características máis destacadas dos protagonistas.

- » Buscade unha caricatura de hoxe en día dalgún personaxe público e comparade a maneira de debuxar os trazos máis característicos.



# Bloque 3

**O naturalismo.**

**Método de escritura científico**





De Emilia Pardo Bazán dise que escribiu en todos os estilos literarios que se foron sucedendo ao longo da súa existencia: o posromanticismo, o naturalismo, o espiritualismo, o noventaioitismo, o modernismo...

En 1880 viaxa ao balneario de Vichy (Francia) e alí coñece a Victor Hugo e tamén descobre a obra de Émile Zola, que a impresiona. Desentrañar este estilo literario condúcea á publicación dunha serie de artigos sobre o naturalismo recollidos baixo o título *La cuestión palpitante*. Cando o publica en libro, é Clarín quen o prologa. A partir dese momento a escritora convértese na maior defensora da corrente en España:

La novela ha dejado de ser mero entretenimiento, modo de engañar gratuitamente unas cuantas horas, ascendiendo a estudio social, psicológico, histórico, pero, al cabo, estudio.

O naturalismo é unha corrente literaria que xorde en Europa na segunda metade do século XIX. Desenvolveuse no contexto de grandes transformacións políticas, económicas e sociais que deixaron de lado a visión romántica para impoñer a realista e recruala ata inventar a naturalista. O naturalismo caracterízase pola descrición minuciosa (a modo de texto darwinista) das personaxes na realidade que os determina, cos seus aspectos máis sórdidos e desagradables. Os comportamentos humanos, así, amosan que a conduta débese ás influencias da herdanza biolóxica e do ambiente social no que se vive.

Para documentarse, os escritores naturalistas deben seguir o método científico: observación e análise de ambientes e personaxes, comprobación dos datos coa experimentación e ausencia de xuízo moral.

*La Tribuna*, novela solidamente documentada, dá voz ás mulleres que traballaban na Fábrica de Tabacos da Coruña (“Marineda” nos textos de Pardo Bazán). Está considerada a primeira novela social española baseada nun colectivo fabril. Quizais o feito de que a condesa “baixara” á fábrica foi quen de desatar todo tipo de comentarios hostís.

# LA TRIBUNA

NOVELA ORIGINAL.

Durante o último cuarto do século XIX, o realismo é o naturalismo convivirán e amosarán as seguintes características:

Realismo	Naturalismo
Presenta os aspectos máis cotiás da sociedade en espazos verdadeiros e concretos.	Presenta os aspectos máis sórdidos e desagradables da sociedade nos espazos máis miserables.
O que se opón á sociedade é un inadaptable social.	O ser humano non é realmente libre, está condenado pola herdanza xenética e o ambiente social (determinismo).
O mundo exterior descríbese de maneira obxectiva e precisa sen afondar en aspectos internos.	Na procura da máxima obxectividade, empréganse descrições largas, minuciosas e detalladas.
A lingua adaptada á situación é condición dos personaxes, predominando a clase culta e burguesa.	Reprodución da fala real dos personaxes, sempre do nivel social máis baixo.
Presenza dun narrador omnisciente, que coñece as vidas e os pensamentos dos personaxes.	Narrador omnisciente pero en estilo indirecto libre. Xa non se utilizan verbos de pensamento nin de fala para introducir a voz do personaxe.





# 1. SOBRE O NATURALISMO

---

Estes textos que vos presentamos pertencen a dúas das obras máis representativas de Emilia Pardo Bazán. En cada un deles existe unha o varias características do naturalismo. Intentade identificar algunha delas. Razoade a proposta.

Era noche cerrada, sin luna, cuando desembocaron en el soto, tras del cual se eleva la ancha mole de los Pazos de Ulloa. No consentía la oscuridad distinguir más que sus imponentes proporciones, escondiéndose las líneas y detalles en la negrura del ambiente. Ninguna luz brillaba en el vasto edificio, y la gran puerta central parecía cerrada a piedra y lodo. Dirigióse el marqués a un postigo lateral, muy bajo, donde al punto apareció una mujer corpulenta, alumbrando con un candil. Después de cruzar corredores sombríos, penetraron todos en una especie de sótano con piso terrizo y bóveda de piedra, que, a juzgar por las hileras de cubas adosadas a sus paredes, debía ser bodega; y desde allí llegaron presto a la espaciosa cocina, alumbrada por la claridad del fuego que ardía en el hogar, consumiendo lo que se llama arcaicamente un mediano monte de leña y no es sino varios gruesos cepos de roble, avivados, de tiempo en tiempo, con rama menuda. Adornaban la elevada campana de la chimenea ristras de chorizos y morcillas, con algún jamón de añadidura, y a un lado y a otro, sendos bancos brindaban asiento cómodo para calentarse oyendo hervir el negro pote, que, pendiente de los llares, ofrecía a los ósculos de la llama su insensible vientre de hierro. *Los pazos de Ulloa* (1886).

El barrio de Amparo era de gente pobre; abundaban en él las cigarreras, pescadores y pescantinas. Las diligencias y los carruajes, al cruzar por la parte de la Olmeda, lo llenaban de polvo y ruido un instante, pero presto volvía a su mortecina paz aldeana. Sobre el parapeto del camino real que cae al mar, estaban siempre de codos algunos marineros, con gruesos zuecos de palo, faja de lana roja, gorro catalán; sus rostros curtidos, su sotobarba poblada y recia, su mirar franco, decían a las claras la libertad y rudeza de la vida marítima, a pocos pasos de este grupo, que rara vez faltaba de allí, se instalaba, en la confluencia de la alameda y la cuesta, el mercadillo: cestas de marchitas verduras, pescados, mariscos; pero nunca aves ni frutas de mérito.

Vivía el barrio entero en la calle, por poco que el tiempo estuviese apacible y la temperatura benigna. Ventanas y puertas se abrían de par en par, como diciendo que donde no hay no importa que entren ladrones; y en el marco de los agujeros por donde respiraban trabajosamente los ahogados edificios, se asomaba ya una mujer peinándose las guedejas, y de la cual sólo distinguía el transeúnte la rápida aparición del brazo blanco y la oscura aureola del cabello suelto; ya otra, remendando

una saya vieja; ya lactando a un niño, cuyas carnes rollizas doraba el sol; ya mon-  
dando patatas y echándolas, una a una, en grosera cazuela... *La Tribuna* (1883).

1.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

2.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

### PARA SABER MÁIS

---

- » Investigade o naturalismo. Quen son os principais e máis destacados escritores da corrente? Todos os realistas evolucionan ao naturalismo? Poderiades identificar algunha das obras máis importantes? E en Emilia Pardo Bazán, cales foron as obras máis importantes do naturalismo?
- » Con toda a información que recompilastes facede un lapbook coas obras e as características máis importantes do naturalismo. Un lapbook é un soporte despregable que permite expoñer un tema. No interior pódense amosar esquemas, debuxos e aquilo que facilite unha mellor comunicación e comprensión.

## 2. ANALISE DUN CONTO

---

